LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN



BIBLIOTECA SEMINARIO DIOCESANO

Nº 49 (Vol. XXIV) *LUGO, 2014*

SUMARIO

ESTUDIOS Pág.

Alcaldes de Lugo no século XVI
por Adolfo de Abel Vilela 217

Alcaldes lucenses elegidos por el Cabildo catedralicio
por Gonzalo Fraga Vázquez 247

Orígenes del sistema parlamentario europeo
por Alfonso Sánchez Mairena 255

Igrexa e cultura na Diocese de Lugo e na historia
por Óscar González Murado 271

Juan Rof Codina e o agro de Lugo
por Diego Conde Gómez 281

La energía geotérmica en la vida y economía de Lugo
por Mª Dolores Arias y M.ª Dolores Carmona 293

Fonsagrada y sus tierras
por Gervasio López 309

Iglesia románica de San Juan de Camba (Rodeiro, Pontevedra)
por Luis Pérez Fernández 323

COMENTARIOS

Realidad económica de Lugo y su Iglesia en la Edad Media
por Manuel Rodríguez Sánchez 339

Tercer centenario del Claustro catedralicio lucense
por Gonzalo Fraga Vázquez 351

Tres microtopónimos lucenses e un hidrónimo coruñés
por Nicandro Ares Vázquez 357

Festividade da Virxe dos Remedios na Ermida (Quiroga)
por José M. Blanco Prado 367

Inventario de los bienes de la señora de Pacios
por María José López Caldeiro 383

TEXTO

As *Floriñas* de San Francisco
traducción de Darío X. Cabana 395

LIBROS 403

ÍNDICES 411

COLABORARON 415

JUAN ROF CODINA E O AGRO DE LUGO

A PROL DA RENOVACIÓN AGROPECUARIA GALEGA

Por DIEGO CONDE GÓMEZ

> *"Solo siento que quizá mi falta de conocimientos y mi carencia de dotes oratorias hará fracasar mi conferencia, de la cual esperareis acaso grandes enseñanzas para la explotación racional de vuestras cuadras; y quiero que desde este momento desechéis esa idea, si es que la habéis preconcebido, porque lo que voy a deciros no es más que confirmación científica de lo que estáis practicando todos los días; explicaros por qué estáis en lo cierto, a no admitir ganados extranjeros desarmónicos (destartalados, mal feitos, decís vosotros) en vuestra ganadería; quiero haceros comprender cómo a pesar de haber entrado en Galicia muchos reproductores forasteros, las razas siguen en pie, si bien un poco deterioradas, por haber olvidado vosotros un asunto de gran importancia en agricultura y ganadería; la selección"*[1].

Aínda que existen traballos laudatorios previos sobre a figura de Juan Rof Codina, consideramos que son poucos os que caracterizan globalmente o cometido que desempeñou tanto no agro galego como na Veterinaria durante máis de sesenta anos. Estas obras previas non nos dan puntos de vista antagónicos, senón diversas visións complementarias entre si. Así, o seu biógrafo Carlos Ruiz Martínez[2], da a


---

[1] Esta cita é o extracto dunha conferencia que Rof Codina impartiu no Concello de Láncara (Lugo), onde pon de manifesto o papel protagonista que ten o labrego dentro das transformacións que estaba a sufrir o agro galego, ao salientar a acertada liña que estaban a tomar os gandeiros, os cales xa apostaban pola selección fronte ao desacertado e arbitrario emprego dos cruces dentro da mellora pecuaria. J. Rof Codina, "Zootecnia Regional", Prácticas Modernas e Industrias Rurales, vol. 5, 118, 15 de decembro de 1907.

[2] C. Ruiz Martínez, "Juan Rof Codina (1874-1967)", en Semblanzas Veterinarias I, Syva, León, 1973.



Imaxe 1. Rof Codina (arriba, cuarto pola dereita) na "La tercera Asamblea Agrícola de Galicia", Vida Gallega, 31, 1 de xaneiro de 1911 (Monforte, 1911)



Imaxe 2. Rof Codina e Jesus Carballo na Gran Clínica Veterinaria (1908). AROF. BUSC.

visión máis humana do veterinario, achegándonos unha vida chea de anécdotas, caendo moitas veces na admiración, baseada no coñecemento persoal de Rof Codina, desviándose da visión obxectiva. Na mesma liña Fernández Pousa[3] e máis tarde Rodríguez Troncoso[4] que recompila e actualiza certos datos biográficos, manteñen o enfoque panexírico. Entre os traballos máis académicos cómpre destacar a Durán[5] que incide na súa faceta divulgadora encadrando a Rof na xeración galega do 98 ou xeración *"antre dous séculos"*. Villares[6] e máis tarde Fernández Prieto[7] fan unha primeira achega acerca da súa faceta dentro do movemento agrario e na Granxa Experimental Agrícola da Coruña, así como fai unha aproximación sobre a importancia que tivo na innovación tecnolóxica do campo galego de comezos do século XX. Cabo Villaverde[8] describe a formación agrarista de Rof Codina, así como a súa vinculación nos nacentes sindicatos agrícolas de comezos de século. Martínez López[9] acércanos o Rof Codina ligado o societarismo católico. Cordero del Campillo[10] recórdao como un apóstolo da gandería galega, o cal lle dicía aos estudantes de veterinaria de León dos anos 40, no comezo da primeira plétora profesional, que enfocaran o seu futuro profesional cara a Galicia, a que chamaba *"la tierra de Promisión de la Veterinaria"*.

Esta achega que aquí comeza procura desbotar a visión e o acercamento panexírico que na maioría da bibliografía se fai á figura de Juan Rof Codina. Non se pretende minimizar o seu labor dentro da profesión veterinaria ou a prol da gandería galega, todo o contrario.

---

(3) R. Fernández Pousa, "Juan Rof Codina y el agro gallego", en Hombres de Galicia, Publicaciones Españolas, Madrid, 1968 (Temas españoles).

(4) M. Rodríguez Troncoso, Juan Rof Codina. Manescal exemplar, Quaderns del Prat, Prat de Llobregat, 2007; "Dr. Juan Rof Codina: veterinario ilustre", Alborada, abril de 2007.

(5) J. A. Durán, Agrarismo y movilización campesina en el país gallego: (1875-1912), Siglo Veintiuno, Madrid, 1977.

(6) R. Villares, La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936, Siglo Veintiuno, 1982.

(7) L. Fernández Prieto, "Unhas notas sobre a vida e obra de Juan Rof Codina (1874-1967)", en Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura, Edición facsímil, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1985.

(8) M. Cabo Villaverde, O Agrarismo, 1a ed, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1998.

(9) A. Martínez López, O Cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943, Excma. Diputación Provincial, Servicio de Publicaciones, Pontevedra, 1989.

(10) M. Cordero del Campillo, "Limiar", en Historia da Escola de Veterinaria de Santiago de Compostela (1882-1924), Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1994; M. Cordero del Campillo, "Audelino Gonzalez Villa (1901-1984). Un veterinario evangélico ejemplar", en Actas del X Congreso Nacional, IV Iberoamericano y I Hispanoluso de Historia de la Veterinaria, Olivenza, 2004.

Téntase analizar dun xeito pormenorizado a súa obra sen caer nos "lugares comúns" dende os cales, o sitúan como un apóstolo no "*Sancta Sanctorum*" dos progresos agropecuarios galegos.

Propoñemos pois, algo máis cun bocexo biográfico que aporte información nova ou pouco coñecida da figura de don Juan Rof Codina. Para iso, establecemos como premisa inicial que o lector integre a figura e obra de Juan Rof, nun contexto de profunda transformación dentro do agro galego e da profesión veterinaria, centrado nese proceso de innovación pecuaria que tivo lugar en Galicia no primeiro terzo do século XX e que a Rof lle tocou vivir, e que sen dúbida condicionou o seu labor e súa persoa, de tal xeito que ésta sexa engadida na memoria colectiva da investigación veterinaria e histórica.

Un veterinario nun contexto de renovación

No primeiro terzo do século XX, en Galicia do mesmo xeito que no resto de Europa, prodúcese un proceso de renovación no ámbito agropecuario, o que orixina unha serie de transformacións no mundo rural. Estas transformacións van dende a organización social do agro galego entorno ao movemento agrarista[11], ata un cambio tecnolóxico nas estruturas agrarias que pasan dende a reivindicación da propiedade da terra ata a mudanza/introdución de novos aproveitamentos forraxeiros en detrimento de cultivos de cereais, ao cada vez maior uso de adubos inorgánicos, todo elo derivado da pecuarización do campo galego[12].

Do mesmo xeito, dende a profesión veterinaria estábase a procurar un sitio de recoñecemento dentro da sociedade de comezos do século XX, reivindicando para si o mesmo estatus que xa tiñan outras actividades como a medicina, farmacia, enxeñerías, etc.

Neste contexto, Rof Codina chega a Galicia o 14 de agosto de 1898. Destinado ao 3º Rexemento de Artillería de Montaña despois de aprobar as oposicións ao Corpo de Sanidade Militar. En Lugo alóxase coa familia do veterinario Ramón Carballo y Pardo, onde tomará contacto cos costumes e idioma do país e comeza a interesarse polos problemas da gandería galega. O ambiente rural non lle é alleo a Juan Rof. Nado no Prat de Llobregat o 31 de agosto de 1874, fillo de Pablo Rof Xiri-

(11) M. Cabo Villaverde, O Agrarismo, op.cit. 1998.

(12) D. Conde Gómez, Canto val unha vaca? Da cuestión á cuestión pecuaria, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2014.

nachs, ferreiro de profesión e Micaela Codina Portillo, a infancia de Rof desenvolvese nun ambiente rural que marcará a súa sensibilidade e interese sobre os problemas do campo.

O 25 de setembro de 1891, con 17 anos, examínase do ingreso na Escola Superior de Veterinaria de Madrid. Estes anos de estudo en Madrid



non son doados xa que ás dificultades económicas dos pais de Rof para manter que o seu fillo estudara na capital, houbo que sumarlle que ata en tres ocasións o chamaron para o recrutamento de tropas para combater na Guerra de Independencia de Cuba. O 15 de xuño de 1897 convértese en veterinario titulado ao aprobar a reválida en todos os exercicios.

Durante a súa estancia en Lugo, Rof é consultado sobre enfermidades que afectaban o gando da zona e que nese momento polo seu nome son descoñecidas para él como o gripo ou a nacida. Foi a raíz das súas visitas ao campo, cando descobre que estas doenzas non son máis que a febre aftosa e o carbuncho. É aquí onde comeza un intenso traballo de divulgación a prol da gandería galega. A importancia do labor publicista realizado por Rof Codina, pasa pois fundamentalmente por achegar as innovacións que se estaban a levar a cabo tanto no resto da



Imaxe 3. Clínica de Jose Carballo precedente da Gran Clínica Veterinaria. Ao fondo a Porta de San Pedro. Lugo 1903. AFROF.



Imaxe 4. Rof Codina vacinando contra a Nacida (1910), J. Rof Codina, Cartilla contra el carbunco bacteridiano (Nacida), Consejo Provincial de Agricultura y Ganadería, A Coruña, 1910.



Imaxe 5. Concurso de gandos de Carballo (1911). Público presenciando a cualificación dun becerro polos veterinarios Ignacio Varela, Santos Romero e Rof Codina. J. Rof Codina, "Estudio de 50 vacas gallegas del Concurso de Ortigueira", Revista Veterinaria de España, vol. 6, 6, febreiro de 1912, páx. 220.

Península, como dun xeito especial na Europa Atlántica, incidindo na valorización que a gandería tiña como eixe das transformacións sociais no agro galego. Este "*apostolado*" que Rof realizou a favor da formación do labrego, na procura da súa profesionalización[13], xunto coa crítica contra a realización das actividades clásicas do veterinario, como o ferrado, fixo que nos medios conservadores da profesión fora criticado de falta de corporativismo, ao entender e que isto lle restaría traballo ao resto dos veterinarios. O certo é que, do mesmo xeito que unha gran parte da súa xeración, a visión que tiña Rof da profesión Veterinaria era que esta tivera un maior recoñecemento social, nun momento no que era fundamental procurar posicións máis relacionadas coa ciencia que permitiran a dignificación da profesión, desbotando esa ferrocracia nas que permanecían as posturas máis conservadoras. Así, a temática dos seus primeiros traballos van dende as condicións sanitarias da carne que se exportaba ao resto da península, como sobre cuestións clínicas e preventivas fronte as enfermidades máis comúns como a febre aftosa (glosopeda ou gripo) a triquinose ou a cisticercose[14].

En 1901, Rof Codina presenta a memoria "*Bosquejo sanitario-zootécnico, destinado al estudio de las ventajas del seguro aplicado a la ganadería en la provincia de Lugo*" ao Xogos Florais de Lugo, que se celebraron o 6 de outubro de 1901, e que seria premiada cun accésit e posteriormente publicada pola Deputación de Lugo en 1904. Nesta súa primeira obra, Rof pon de manifesto a importancia que ten a gandería para o desenvolvemento económico dun país e como a través da súa especialización se acada unha maior cantidade e calidade das súas producións.

Predicando nunha terra de promisión. Do agrarismo á mellora gandeira

Sen ser aínda coñecido entre os principais sectores do agrarismo galego, Rof Codina comeza a colaborar no consello de redacción da

[13] Nas campañas de vacinación contra a nacida, para que esta fora o máis efectiva posible ensinou a vacinar a mestres rurais, cregos e gandeiros, o que foi entendido como un apoio ao intrusismo nos labores propios do veterinario.

[14] J. Rof Codina, "La cuestión de la carne", La Idea Moderna, 28 de outubro de 1899, Lugo; J. Rof Codina, "Algo de policía sanitaria. Cisticercosis", La Idea Moderna, 16 de novembro de 1899, Lugo; J. Rof Codina, "Algo de policía sanitaria. Triquinosis", La Idea Moderna, 22 de novembro de 1899, Lugo; J. Rof Codina, "Algo de policía sanitaria. Glosopeda", La Idea Moderna, 13 de decembro de 1899, Lugo; J. Rof Codina, "Algo de policía sanitaria. Carne cansada", La Idea Moderna, 16 de decembro de 1899, Lugo.

revista quincenal coruñesas "*Prácticas Modernas*", a cal aparecera en 1903. Así, é como se introduce no circulo intelectual mais progresista de Galicia. *Prácticas Modernas* axudara a Rof Codina a formalo como agrarista, tendo sobre el unha gran influencia os traballos de Bartolomé Calderón e Valeriano Villanueva. Convertese esta revista en voceira das ideas da Cámara Agrícola da Coruña, fortemente vinculada co movemento de "*Solidaridad Gallega*"[15]. Esta colaboración lévao a participar de cheo no movemento solidario, onde se forma, recibindo unha visión completa dos problemas socioeconómicos da Galicia "*antre séculos*". Rof pola súa parte aporta a súa experiencia técnica nun grupo con escasa formación agraria en *sensu estrito*, o que por outra parte favorece que a linguaxe didáctica da revista, cumprira perfectamente co papel divulgador que perseguía. O primeira colaboración de Rof na revista correspóndelle a unha resposta sobre o carbuncho no apartado "*Consultas gratuítas*"[16].

É a partir de 1906, a raíz do II Congreso Rexional Agrícola e Gandeiro celebrado en Lugo no que actúa como secretario, Rof vai acadando unha maior notoriedade[17]. Toma parte das tres Asembleas Agrarias de Monforte, presididas por Rodrigo Sanz, onde principalmente se pronuncia contra a parcería do gando posto, postura que comparte con Valeriano Villanueva, considerando tal práctica como unha forma de usura, indica a necesidade do cooperativismo agrario para facer fronte a unha mellor comercialización dos produtos agropecuarios. Porén, é na IV Asemblea, celebrada en Ribadavia do 9 ao 11 de novembro de 1912, cando Rof acada un maior protagonismo. Nesta asemblea *Acción Galega* chega nunha situación de superioridade de representación fronte as outras liñas do agrarismo como solidarios e Directorio de Teis. O abade de Beiro, Basilio Álvarez trata de empregar á asemblea para darlle maior relevancia a súa campaña de axitación, impoñendo as ideas de Acción e tentando que o seu xornal se convertera en portavoz do movemento agrario, condición que ostentaba a solidaria *Prácticas Modernas*. Neste senso é Rof Codina quen se enfronta a Basilio Álvarez, defendo a liña das Asembleas como medio para o pensamento da

---

[15] Solidaridad Gallega, aparece en 1907 en resposta á política caciquil da Restauración, imitando a Solidaridat Catalana que arrasara nas eleccións de abril de 1907. M. Cabo Villaverde, "Solidaridad Gallega y el desafío al sistema de la Restauración, 1907-1911", Ayer, 4, 2006.

[16] J. Rof Codina, "Consultas gratuitas", Prácticas Modernas e Industrias Rurales, vol. 4, 74, 15 de xaneiro de 1906.

[17] "Congreso Agrícola y Ganadero de Lugo", El Diario de Pontevedra, 16 de outubro de 1906, Pontevedra.

acción, e non en acción. Así, Rof apoia unha liña tecnócrata, debate pausado e reformas técnicas, ao que Basilio Álvarez resposta cunha dura crítica contra a súa postura, pretendendo pospoñer as reformas técnicas e económicas, dándolle unha maior importancia ao papel de concienciación do labrego, o cal el pretende protagonizar.

Desaparecida *Acción Galega*, a VI Asemblea Agraria, celebrouse en Redondela en outubro de 1915 baixo a presidencia de Rof Codina e en palabras de Rodrigo Sanz «*en ella se volvió francamente al carácter económico*»[18]. Así, redirixe o papel das asociacións agrícolas a converterse en órganos económicos que impulsen a produción para a consecución de beneficios e non tanto en aparatos políticos para a reivindicación[19]. Rof Codina insta que a Asemblea acorde dirixirse ao Ministerio de Instrución Pública para solicitar que dote a Escola de Veterinaria de Santiago do material e elementos de ensinanza precisos, especialmente gando, para que a estación pecuaria e o campo de cultivo forraxeiro sexa un feito e poida o centro influír dun xeito eficaz do progreso pecuario galego. Do mesmo xeito, solicita que se lle impoña aos Inspectores Municipais de Hixiene e Sanidade Pecuaria, a obriga de dar cursiños de coñecementos pecuarios aos sindicatos e sociedades agrícolas dos seus concellos, de forma que aumente o nivel cultural e mellorar a produción gandeira, así como que as Deputacións establezan pensións de estudos para a asistencia de cursiños pecuarios na Escola de Santiago.

No seu conxunto aprobouse practicamente íntegro o cuestionario proposto por Bartolomé Calderón dende o seu exilio en París, para que servira de base para preparar a que sería VII Asemblea, acordándose na última sesión que se celebrara en Santiago (na Escola de Veterinaria), e nomear a Rof como presidente da Comisión Organizadora. Esta Asemblea xa non tería lugar, quedando postergada ata agosto de 1919, cando se mal celebra a VII Asemblea na Coruña, a cal pecha o ciclo.

Como mencionamos ao principio, o labor de Rof temos que interpretalo dentro deste marco de inquietude renovadora, tendo en conta que adquire un papel activo, actuando de receptor de ideas xa expostas, procedendo á amplificación das mesmas. Así, a obra de Rof Codina, ten que ser entendida fora da excepcionalidade individual, contextualizándose nun período rexeneracionista, coincidente con estes procesos

[18] R. Sanz, "Las Asambleas de Monforte (III)", Estudios Gallegos, 4, marzo de 1915.

[19] "La sexta Asamblea Agrícola de Galicia", Revista de Higiene y Sanidad Veterinaria, vol. 5, 8, novembro de 1915.

de transformación. En definitiva, Galicia preséntase como unha verdadeira Terra de Promisión, onde poidan agromar estas inquedanzas. Así, observamos como o intenso e meritorio traballo de Rof Codina, vese completado coa fervenza de iniciativas que se estaban a levar a cabo a prol da transformación agropecuaria, nese ambiente innovador, empapado ideoloxicamente polas ideas agraristas de *Prácticas Modernas, e o empeño modernizador e reformista da Veterinaria, que procura* e reivindica un maior recoñecemento da profesión por parte da sociedade.

Como exemplo deste último punto, en 1905, Rof Codina xunto co seu cuñado Jesús Carballo, poñen en marcha a Gran Clínica Veterinaria de Lugo, a cal supón un cambio na visión que se tiña da profesión veterinaria ata ese momento en Galicia. Rof reorienta o taller de ferrado do seu sogro cara a un establecemento cunha pretendida e intencionada imaxe de modernidade que supuxera unha brecha achegando á profesión veterinaria a unha visión máis científica. Conseguen a representación das vacinas e soros do Instituto Pasteur de París, para Galicia e Asturias. Deste xeito dispoñen de soro antidiftérico, antiestreptococico, de maleína e tuberculina, vacinas para a nacida, mal rubio dos porcos, cólera das galiñas, o virus *Danisz das ratas e toupas, contra a varíola ovina. Hai que salientar que na Clínica producíanse vacinas contra a varíola humana a partir da linfa de becerras inoculadas. É neste momento, cando inicia as campañas masivas de vacinación sobre todo contra a nacida, o mal rubio dos porcos e o mal da sangue dos mulares, sendo dos primeiros en realizar vacinacións masivas en Galicia.*

En febreiro de 1910, tras aprobar as correspondentes oposicións co número 2, nomeáselle Inspector de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria de 1ª clase da Coruña, a cal elixe como destino. Dende o seu posto como Inspector Pecuario, Rof convértese en partícipe directo do desenvolvemento pecuario que estaba acontecendo en Galicia. Así, colabora con Hernández Robredo e a Granxa Agrícola de A Coruña, entra no padroado da Misión Biolóxica de Galicia onde coincide con Cruz Gallástegui, ou na creación da Sociedade de Amigos das Árbores xunto con Hernansáez.

En 1912 publica o libro *"Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura"*, onde esboza as principais liñas de acción nas que se debería fundamentar o progreso agropecuario galego. O mais salientable é que non impón unha serie de medidas alleas ao contexto galego, senón que de xeito previo se centra en describir as características peculiares do agro galego, para poder así

afrontar e propoñer unha melloras axustadas realidade e condicións existentes nese momento.

La agricultura y ganadería gallegas ***ostentan una característica propia****, reclamando para su mejora organización diferente á la que tiene en las demás regiones*[20].

Deste xeito, describe as características do medio rural, sinalando o xeito de aproveitamento que do medio fai o labrego, recoñecendo o carácter individualista que persiste en Galicia, o cal hai que ter en conta antes de emprender calquera obra de mellora, así como as condicións das diferentes producións (adubos, tipo de explotacións, especies, pragas...), o tipo e estado das comunicacións existentes, o arrendamento da terra e o gando mediante o foro, subforos e parcerías, o tipos de sistemas de venda e a intervención dos intermediarios na comercialización dos produtos. O traballo de Rof non se cinguiu nunha simple mellora morfolóxica, senón que tamén incidiu no prol de modificar as condicións externas que afectaban o gando e impedían o progreso e o avance deste. Ofrece pois, unha visión do que sería unha mellora integral da gandeira galega, onde non soamente se queda na codia.

Un activo papel pedagóxico de Rof, cun intensísimo labor publicista en diferentes xornais que manterá ao longo de toda a súa vida, e que ensombrece o labor non menos importante de diferentes profesionais e institucións que aínda acadando menor repercusión, atópanse ao mesmo nivel como verdadeiros piares da renovación da gandería galega, como é o caso das achegas dende a Escola de Veterinaria de Santiago (Castro y Valero, González Pizarro, Demetrio Galán, Pedro González, Tomás Rodríguez, Abelardo Gallego, Gallástegui…) ou dos outros Inspectores Pecuarios (Armendáritz, Xavier Prado, Martín Lázaro…) entre outros[21].

O éxito da mensaxe divulgadora de Rof Codina, pasa por ser plenamente consciente que para conseguir por en marcha calquera acción esta ten que pasar por adaptarse as condicións propias de Galicia, abandonando discursos pretéritos, que afastados da realidade e baseados en experiencias que pouco tiñan que ver co contexto propio do país, non conseguían callar nos labregos. Foi ese cambio de mentalidade por parte dos técnicos, xunto coa comprobación palpable por parte dos labregos

---

(20) J. Rof Codina, Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura, Imprenta y Litografía de Luis Lorman, A Coruña, 1912, páx. 58.

(21) D. Conde Gómez, "Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. O papel de Juan Rof Codina", 2013. http://dspace.usc.es/handle/10347/9562

das melloras que estes preconizaban, o que permitiu establecer unha conexión entre ciencia e agricultura, que tivo como froito transformación do modelo agropecuario durante o primeiro terzo do século XX.

O labrego xoga un papel protagonista a hora de poñer en marcha a innovación tecnolóxica nas súas explotacións agropecuarias, determinando o éxito ou fracaso das mesmas as que demostran ser máis eficaces respecto as súas necesidades. Así todas as propostas pasaban antes pola peneira da realidade social e produtiva da explotación. Exemplo disto, é a postura dos labregos sobre a elección do procedemento da mellora do vacún, dende unha selección en pureza da raza, e que na práctica concorda cos traballos de Rof, é exemplo deste proceso adaptativo, primeiro as necesidades dunha economía labrega que procuraba animais que cumpriran coa tripla aptitude, e máis tarde a comprobación das melloras segundo as esixencias para a súa comercialización. Isto cuestiona a participación que na mellora do gando, en especial da Raza Rubia Galega, tiveron en realidade propostas como os cruzamentos con razas estranxeiras[22]. É sobre todo esta dicotomía entre cruzamento ou selección en pureza, a que supón un maior debate na forma de dirixir a evolución da raza, o que contrasta co consenso case unánime que existía nese momento en outros aspectos como pode ser a vontade e necesidade de conseguir unha raza de vacún propia para o país, así como o feito de que os animais debían manter a súa tripla aptitude para dar solución aos labregos, que terían que ser os principais protagonistas dos cambios a efectuar, e que neste ultimo caso se iría readaptando posteriormente as necesidades do mercado.

Así pois, esta achega Juan Rof Codina ten que ser considerada globalmente nun contexto de aproximación como representante dunha época de profundas transformacións na Veterinaria e a Gandería galega, e da que aínda queda moito por dicir... pero iso será outra historia.

Agradecementos

No que respecta ás imaxes, sinalar un agradecemento especial tanto á Biblioteca Intercentros de Lugo-Universidade de Santiago de Compostela (AROF. BUSC), como á Familia Rof Codina (AFROF) por todas as facilidades á hora de compartir o patrimonio gráfico que sobre Juan Rof Codina dispoñen.

[22] D. Conde Gómez, Canto val unha vaca? Da cuestión á cuestión pecuaria, op.cit. 2014.